Num. 279

FOUCE

Xuño 2010

Periódico labrego de información técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

ESPAÑA

FRANQUEO CONCERTADO

F.C. NÚM. 15000077

sindicato labrego galego
comisións labregas

Diante dos ministros/as da UE: OUTRA AGRICULTURA, OUTRA EUROPA!!



Labregos e labregas do SLG, loitadoras incansábeis polas reivindicacións do sector, transmitindo a forza do Sindicato.

A Secretaria Xeral do SLG, Carme Freire -segunda pola esquerda-, entre Ana Rodríguez -Secretaria de Desenvolvemento Rural- e Xosé M. Calvo -Secretario de Ordenación Territorial- canda outros membros da Coordenadora Vía Campesina demandando unha Europa con máis persoas labregas.

Baixo o lema "Outra agricultura, outra Europa", a Coordenadora Europea Vía Campesina canda numerosas organizacións sociais e ecoloxistas do Estado, mobilizouse o pasado 30 de maio en Mérida en demanda da elaboración dunha nova Política Agraria Común (PAC) baseada en criterios agrosociais, que rompa coa actual complicidade entre as políticas agrarias e os intereses das multinacionais dos agronegocios. Diante dos ministros/as de agricultura -en xuntanza "informal" eses días en Mérida para debater sobre a PAC que será aplicada a partires do 2013- visibilizamos unha cada vez máis forte alianza da sociedade civil europea a prol da consecución dunha nova política agraria enmarcada na soberanía alimentaria. Dende o SLG facemos fronte á actual concepción capitalista e neoliberal do sistema alimentar da UE, que está a supoñer a desaparición das labregas e labregos de toda Europa, avanzando nunha dictadura de mercado que ameaza con controlar a base da nosa existencia: a alimentación.

Páx. 8

FOUCE

Edita:
Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646
Coordinación:
Vera-Cruz Montoto Vázquez
Colaboracións: *Carme Freire, Lidia Senra, Manuel Docampo, Isabel Vilalba, Xoán Monasterio, Charo Sánchez Parga, Xabier Gómez Santiso, Ana Rodríguez, Diego Sánchez Agra., Celsa González Ogando, Beatriz González Iglesias.*
Deseño e maquetación:
Vera-Cruz Montoto Vázquez
Sede da redacción:
Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88

sindicato labrego galego
comisións labregas

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
R/ Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA -R/ Padre Pardo nº24, 1º D
Tlfno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO - Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
SANTA COMBA - R/ Carmen Santiso,nº22, baixo. Tlf. 981 880909
ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680. Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4, 1º.Tlf: 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º esq / Tlfno. 981 789 781
SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro s/n 981 490430
AS PONTES - R/ Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tlf. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo. Tlf: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Tlf: 630 970 131
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20, Galerías Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11. Tlf. 988 477230 Fax. 988477230
XINZO - Casa Sindical Tlf. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
VIANA DO BOLO Antigo centro de saúde. Tlfno. 629 621 047
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent. Tlf. 982 231154
MONFORTE - Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108, entrechán B. Tlf: 982 876155 / 659735862
CHANTADA - Praza do Concello, baixos AISSTlf/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tlf. 982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE. Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A. Tlf.982 512431
MEIRA- R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño Entrechán E. Tlf/Fax: 986792268.
A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º Tlf/Fax 986 573232
LALÍN - R/Arenal nº1, entrechán 3. Tlf. 986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal 1ºA, 1ºC. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf. Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes, Ribadumia. Tlf. 986 711825

Editorial, páx. 3

■ **Algunha vez acontece.** Valoración da última sesión plenaria do Consello Agrario Galego a cargo da Secretaria Xeral do SLG, Carme Freire Cruces.





Galiza, páxs. 4, 5, 6 e 7

■ Cursos de **incorporación** á actividade agraria.
■ **IV Congreso da Organización Galega de Comunidades de Montes.**
■ **Suplemento de Seguridade Laboral no Agro:** Estrés Térmico por calor.
■ Na defensa da **sanidade pública e das áreas sanitarias periféricas**.

Aldea Global, páxs. 8 e 9

■ Mobilización en Extremadura: **Outra PAC, outra Europa!**
■ O SLG en Madrid no **Cumio dos Pobos** alternativo ao de gobernos da UE, Latinoamérica e Caribe.
■ **Haití marcha contra a MONSANTO.**





Sectores Gandeiros, páx. 10

■ Os efectos secundarios negativos da vacina da **lingua azul** nas nosas explotacións. Denunciamos o silenciamento de datos e anunciamos a próxima creación dunha plataforma estatal para apoiar ás persoas que están tendo este problema no gando e para loitar pola liberdade de vacinación.

Sectores Vexetais, páx. 11

■ Aprender a apreciar os nosos viños: precisamos de **metodoloxías propias para a cata.**
■ Curso de **horta ecolóxica** realizado en Ribadavia.





Mulleres, páx. 12

■ Nais e pais denuncian os efectos adversos da **vacina do papilomavirus** nas rapazas ás que se lle aplica. Salientamos os contidos dun video no que se recollen, entre outras, as testemuñas das familias das dúas nenas valencianas que tiveron que ser ingresadas o ano pasado logo de que lles fora inxectada a segunda das doses da vacina.

Agroecoloxía, páx. 13

■ **Contra o cambio climático, outro modelo de agricultura é imprescindíbel**. O custo enerxético do modelo agroindustrial de produción é irracional: para producir unha caloría, consúmense dúas.





Eira, páx. 14 e 15

■ Programa de incentivos para promover a **afiliación á seguridade social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias**, informamos sobre a subida do IVE, Axudas dos plans de mellora de explotacións agrarias e incorporación de mozas e mozos á actividade agraria, etc.
■ Anuncios **compra / venta / troco** das nosas explotacións

Contracapa, páx. 16

■ **Plan Conecta Mujer.**
Acceso a novas tecnoloxías no rural.

Esta publicación está cofinanciada pola
DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

Algunha vez acontece

O día 3 de xuño celebrouse unha sesión plenaria do Conse-llo Agrario Galego para ditaminar sobor do documento elaborado polo Goberno galego a respecto da reforma da PAC para o 2013.

No SLG elaboramos un texto de mínimos, que consensuamos coas outras organizacións agrarias, e que lle presentamos ao presidente Feijoo.

As cuestións estratéxicas, plasmadas para defender "como País" diante de todos os foros e organismos de decisión europeos, e tamén do Goberno do estado, eran: a necesidade de **manter unha PAC forte**, a **regulación de mercados**, a **preferencia comunitaria**, medidas de **control da produción** e de **garantía de rendas** para os produtores e produtoras, e medidas sobor do fomento de **modos de produción sostible**.

Pois ben, aconteceu que no pleno do Consello, despois do debate xerado, todas as partes, todas, chegamos a consensuar un texto no que se recollen, agás no tema do control da produción, que foi introducido como voto particular do SLG, as premisas que lle foran presentadas.

A maiores, recóllese no texto a proposta que presentara o Sindicato de defender, nas negociacións coa Organización Mundial do Comercio (OMC), a perspectiva da soberanía alimentaria da Unión Europea.

Outra cuestión abordada e consensuada como "posición galega" ten que ver co establecemento dunha axuda básica á agricultura vinculada ao exercicio da actividade agraria.

Para nós é fundamental que os debates e propostas polas que tantas veces nos teñen calificado de defender utopías sen máis, vaian callando na sociedade non só como defendibles senón tamén como necesarias, para saír dun modelo de política agraria que non nos protexe nin coma labregas nin coma cidadáns e que nos ten levado á situación actual de desfeita, crise e a graves riscos para a economía dos pobos e a saúde.

Falta saber se aquelo que



Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG.

vai callando socialmente coméza a se entender tamén no plano político-institucional.

Algunha vez acontecen feitos coma o deste Consello Agrario.

Só nos falta saber se a política que se escribe nos papeis, vai ser defendida por todos aqueles e aquelas que a escribiron e a refrendaron, ou se só se pon nos papeis aquelo que queremos escoitar para que non nos mobilicemos, nestes tempos convulsos.

Algunha vez teremos que darlle o beneficio da dúbida e da rectificación, sempre sabia se é a tempo, a quenes sostiñan que as leis non se podían cambiar e que o que había que facer era adaptarse o mellor posíbel a elas.

No Sindicato Labrego Galego seguiremos alerta ao discorrer das cousas.

A mobilización das mentes sempre vale a pena.

nº 279
Xuño do 2010 FOUCE

Curso de incorporación á actividade agraria



As novas labregas e labregos colaborando na instalación do rego na explotación de Nuria e Figue, de Rois, unha das visitadas durante o curso de incorporación.



Na explotación de leite crú de venda directa "O Alle", propiedade de Antonio de Lalín.



Na explotación de mel "Pájaro" coñecimos a montaxe de colmeas e o proceso de extracción.



Freire sinala as características do proceso de compostaxe e a importancia da fertilidade da terra.



A Secretaria Xeral, Carme Freire, coa "sachadora de roda", abrindo regos para a plantación de porros.

Do 6 de abril ao 8 de xuño o Sindicato Labrego Galego organizou un CURSO DE INCORPORACIÓN Á ACTIVIDADE AGRARIA -de 250 horas lectivas- nas comarcas de Compostela e A Estrada. O lugar de celebración foi o local da Asociación Veciñal d' Os Tilos en Teo. O curso contou con 17 participantes que na súa maioría queren iniciar pequenos proxectos relacionados coa horta e coa produción labrega, ademais de tres pequenos proxectos: unha explotación de porco celta,outra de polos e outra de maceiras. Todas elas en ecolóxico.

Ademais da parte teórica, o curso contou con xornadas e viaxes prácticas nas que o alumnado visitou explotacións dos nosos afiliados e afiliadas para compartir experiencias.

Unidade e reivindicación na xornada contra as minas na Terra Chá

Numerosos veciños e veciñas visitaron o recinto feiral de MOEXMU o pasado sábado 22, no que se celebrou a "Xornada contra a extracción de cuarzo na Terra Chá", organizada pola Comisión de Asociacións en contra das minas da Terra Cha.

Ao longo do día sucedéronse os actos informativos, reivindicativos e lúdicos. Dende charlas e mesas redondas até concertos e lectura de textos de apoio.

Nas intervencións que tiveron lugar nas mesas redondas programadas pola tarde, o presidente do Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal, Vidal Romani, resaltou que "non se lle ve utilidade social ao proxecto", e incidiu nas consecuencias que a extracción de cuarzo poderían atinxir, das que destacou a posibilidade de grandes inundacións debido ás características do chan da zona.



O manifesto de apoio á loita contra as minas na Terra Chá, realizado por Docampo, foi finalmente lido por Xabier Cordal.

Pola súa banda, Margarida Prieto Ledo –Coodenadora comarca do SLG-, fixo un percorrido por estes tres anos de loita veciñais, nos que foron moitos os recursos, alegacións, xuntanzas, mobilizacións e demais actos reivindicativos por parte das mulleres e homes da Terra Chá.

José Pérez Rei -Asesor Xurídico do SLG- explicou os contenciosos interpostos pola multinacional Erimsa contra os concellos de Castro, Cospeito e A Pastoriza, arestora en curso, e recalcou que trátase dunha actividade autorizable, máis non "permitida", malia o cambio lexislativo.

Durante a tarde sucedéronse lecturas por parte de persoas do eido da cultura, entre as que destacaron as intervencións dos escritores Xabier Cordal, Darío Xohán Cabana, Alfonso Torrado e Xabier P. Docampo, malia a que este último escusou a súa presenza na xornada por coincidirlle cunha homenaxe que lle realizaban esa mesma tarde.

A tardiña e a noite foron o espazo para a música, pechando esta xornada reivindicativa coa ilusión e forza necesarias para seguir levando adiante con determinación a loita d´A Terra Chá por impedir a explotación dos seus recursos naturais polas multinacionais da extracción mineira e os gobernos que as apoian.

IV Congreso da Organización Galega de Comunidades de Montes

"Este congreso é revolucionario"

A continuación reproducimos literalmente a intervención do Sindicato Labrego Galego -que correu a cargo da nosa Secretaria Xeral, Carme Freire Cruces- no VII Congreso da Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACCMM), celebrado os pasados 22 e 23 de maio no Concello de O Carballiño.



Carme Freire durante a súa intervención no IV Congreso da ORGCCMM

Bos días. En nome do SLG non vos vou dar as grazas por ternos convidado a este congreso e a este acto de clausura.

Non vos imos dar as grazas porque asumimos estar aquí, con todos e todas vos, porque entendemos que é un acto de responsabilidade necesaria o que nos trae a participar neste congreso, coa xente que estades preocupados e preocupadas polo noso futuro como pobo.

Porque, como organizacións irmáns que somos o SLG e a ORGACCMM, precisamos de toda a forza e apoio para defender outra política agraria para o medio rural e a sociedade, que se poña ao servizo das persoas e non das multinacionais; precisamos doutra política nos montes para as persoas que vivimos deles e que queremos vivir neles, non para as empresas de pasta de papel, de agrocombustibeis, de enerxía eólica ou solar, de caza, de ocio, constructoras…

Este país non ten volta atrás!!!!

Este congreso é un reflexo de como construímos país, sen complexos, xente normal e corrente, comuneira, orgullosa de ser o que somos e de defender e pelexar por un porvir na nosa terra.

Este congreso é revolucionario, si, revolucionario, polo que propoñedes e por como o elaborades.

Sodes un milagre por seguir, despois de todos estes anos, desde a vosa fundación en Poio, nos tempos que corren, defendendo utopías, cando parece que sempre é un pecado loitar altruistamente por unha sociedade máis xusta.

Por seguir defendendo non só o posíbel, senón tamén o necesario, para que os nosos montes veciñais, a nosa agricultura, a nosa gandeiría, … Sexan un ben para a sociedade e para todas e todos nós e non un obxecto de negocio especulativo para catro e para os que os apoian desde os gobernos.

Queremos compartir aquí con vos tamén as ameazas ás que nos enfrentamos:

O monte multifuncional, motor de desenvolvemento das comunidades e da Galiza está en perigo.

O carácter xermánico da propiedade dos nosos montes veciñais está en perigo.

A ameaza sobor do poder de decisión das comunidades nos seus montes é certa.

A ameaza dos que predican unha cousa e fan a contraria é real !!!

… E senón que vos explique o Sr. Director Xeral de Montes, que onte veu inaugurar este congreso, como é que a soberanía das comunidades sobre os seus montes non está en perigo se fai uns meses acaba de aprobar na modificación do decreto eólico que as empresas poden expropiar, sen consentimento das comunidades, calquera dos vosos montes para a produción de enerxía.

As ameazas son moitas pero a vosa forza, a vosa firmeza, as vosas propostas, as vosas alianzas son co que se van atopar.

Sabedes que contades co SLG, sabemos que contamos con vós.

Porque este tampouco vai ser o século no que desaparezan as comunidades de montes veciñais, nin este vai ser o século no que desaparezamos as pequenas explotacións labregas.

Este vai ser o século no que logremos a soberanía alimentaria para os pobos.

O noso país non ten volta atrás, adiante e ánimo.

Grazas.

IV Congreso da ORGCCMM

Máis de duascentas comunidades de montes debatiron tres relatorios: (1) Consolidación da titularidade veciñal, (2) Monte veciñal e vivo: defensa da terra e xeración de emprego e (3) Alianzas para lograr ese monte veciñal nun medio rural vivo.

O contexto social e político veu marcado pola estratexia de sectores económicos especulativos e do eido urbanístico, que co amparo da Consellaría están a tentar eliminar este tipo de propiedades de titulariedade singular (propiedade xermánica) que son os montes veciñais en man común.

Con este IV Congreso, a ORGCCMM pretendeu tamén acadar unha alianza de todos os sectores que traballan no medio rural, sobre todo os de ámbito agrario, para loitar pola defensa dun medio rural vivo onde o monte veciñal é un dos seus compoñentes. A perda do aproveitamento dos montes veciñais non só é negativa para os comuneiros e comuneiras, senón para toda a sociedade galega, xa que o mantemento dos montes en man común conleva, por exemplo, a defensa da nosa biodiversidade, a regulación dos ciclos de augas, o mantemento dun sumidoiro natural de CO_2, ou o disfrute da paisaxe, entre outros beneficios.

Estrés térmico por calor

No traballo agrario, o maior risco de sufrir estrés térmico por calor prodúcese no periodo comprendido entre xuño e outubro e durante as horas de maior radiación. Polo tanto, a mellor precaución é planificarse para adaptar a xornada laboral a estas circunstancias.

Nunha exposición laboral, falamos de estrés térmico se as condicións de traballo (temperatura, humidade, velocidade do ar, actividade física elevada ou necesidade de levar roupa ou equipos de protección que impiden a evaporación da suor,…) levan a que o organismo non expulse suficiente calor ao ambiente aumentando, en consecuencia, a temperatura interna do corpo.

Avaliar o risco do estrés térmico implica, entre outras precaucións, ter en conta as condicións ambientais, a actividade que estamos a realizar e a roupa que levamos.

Existen tamén algunhas características e comportamentos propios da persoa que poden aumentar o risco: idade, peso elevado, estado de saúde , mala forma física, estar tomando medicamentos, tabaquismo, consumo de alcohol ou drogas, exceso de cafeína, falta de descanso, falta de aclimatación ao calor ou ter sufrido con anterioridade algún trastorno relacionado coa calor.

A maior parte das posibles combinacións destas variables que se presentan no mundo do traballo, dan lugar a situacións de falla de confort e comodidade no traballo sen que exista un risco serio para a saúde. Non obstante, ás veces a calor excesiva, pode xerar un problema grave para a nosa saúde.



Un dos invernadoiros de Horta Trigas (Mondoñedo), visitado no VII Encontro da Secretaría das mulleres, que tivo lugar en marzo deste ano en Ribadeo.

A temperatura, xunto coa humidade, son os indicadores máis importantes dentro do ambiente agrario, tanto no que se refire ao traballo ao ar libre, como en invernadoiros e almacéns.

Nese senso, convén non esquecer que non só as altas temperaturas, senón tamén as baixas, adoitan ser difíciles de controlar en entornos de traballo agrarios e, polo tanto, poden ser a causa de alteracións na saúde.

Co financiado por:
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

Cales son os síntomas do estrés térmico?



- Aceleración do pulso cardíaco.
- Sobe a temperatura corporal.
- Forte e repentina fatiga, náuseas, vertixe ou mareo, malestar xeral.
- Desorientación e/ou confusión.
- Irritabilidade inexplicable.
- A suoración interrómpese e a pel vólvese quente e seca.

Cando aparezan estes síntomas, especialmente a fatiga por esforzo físico (dor de cabeza, suor abundante e pulsacións altas) é necesario descansar inmediatamente e colocarse nun lugar fresco.

Como se pode previr o estrés térmico?

■ Aumentar a ventilación natural en lugares de traballo pechados.

■ Exposición ao sol o menor tempo posible (en traballos ao ar libre). Non traballar nas horas de maior calor e sempre que seña posible, traballar na sombra.

■ Organizar o traballo para reducir o tempo e a intensidade da exposición.

■ Diminuir a intensidade do traballo nas horas de maior insolación, de modo que as tarefas de maior esforzo físico queden para os momentos de menos calor da xornada.

■ Pausas e descansos frecuentes. Dispoñer de sitios de descanso frescos e na sombra e descansar cando o necesitemos, evitando forzarnos.

■ Rotación dos traballadores/as que estean a facer tarefas que poden ocasionar un alto risco de estrés térmico.

■ Valerse (na medida do posible) de axudas mecánicas nas tarefas que requiren maior esforzo físico.

■ Evitar a exposición ao sol de partes do corpo descubertas. Usar roupa lixeira, fresca, de tecidos transpirables e de cores claros.

■ Evitar que o sol incida directamente sobre a cabeza.

■ Utilizar medios de protección contra o sol, tales como gorras, sombreiros, botar protección solar na pel e protexer con lentes os ollos.

■ Evitar someterse a cambios bruscos de temperatura.

■ O/a traballador/a debe estar aclimatada á calor.

É fundamental un periodo de aclimatación gradual, sometendo ao corpo progresivamente a unha calor cada vez maior (aumentando aos poucos o tempo que pasamos dentro dun invernadoiro, por exemplo) durante un tempo previo a exposición total.

Desa forma conséguese pouco a pouco adecuar a resposta fisiolóxica (optimizando a frecuencia cardíaca e a suor) para regular termicamente o organismo. Deste xeito diminúe a frecuencia cardíaca, aumenta a suor e baixa a temperatura corporal.

■ Beber abundante líquido: auga fresca (12ºC) de forma frecuente e en pequenas cantidades, bebidas isotónicas, limoadas ou laranxadas feitas na casa, etc. para deste xeito compensar as perdas que se producen pola suor. Non se debe esperar a ter sede.

■ Evitar o alcohol e tamén as bebidas con moito azucre (refrescos azucarados de cola e sabores, café, etc..)

■ Evitar comidas moi copiosas

■ Pódese incrementar un pouco o sal nas comidas para compensar as perdas que se producen pola suor.

Labregas e labregos contra a privatización da sanidade

Na defensa da Sanidade Pública e das Áreas Sanitarias periféricas



Manifestación a prol da sanidade pública realizada n´O Barco de Valdeorras o pasado 3 de xuño.

Dende o pasado outono véñense sucedendo mobilizacións por todo o País en defensa da Sanidade Pública.

Estas mobilizacións, convocadas por plataformas cidadás integradas por moitos e variados grupos de carácter social, político, sindical, sanitario e veciñal, loitan nas cidades, como Vigo ou Pontevedra, contra a privatización dos novos hospitais e nas comarcas periféricas, como Lemos ou Valdeorras, contra a supresión das súas áreas de saúde.

O Sindicato Labrego Galego, como non podía ser doutro xeito, está participando activamente nestas plataformas, entendendo que o obxectivo común de todas elas é loitar contra os recortes na sanidade pública e contra o cambio de modelo sanitario cara privatización dos servizos sanitarios.

Áreas sanitarias

Galiza, en virtude do Estatuto de Autonomía, dispón dunha ordenación territorial da sanidade propia, organizada basicamente en once áreas sanitarias que foron creadas en función das necesidades sanitarias do país e tendo en conta factores xeográficos, socioeconómicos, demográficos, laborais e a dotación de vías e medios de comunicación.

Xa que logo, as Áreas Sanitarias son demarcacións territoriais e a elas correspóndelle a xestión unitaria dos recursos sanitarios nese territorio e a prestación dos servizos sanitarios en condicións de igualdade.

Podemos dicir que a súa creación garante que as cidadás e cidadáns das comarcas máis periféricas podan recibir unha asistencia sanitaria de calidade sen necesidade de desprazarse á capital da provincia.

Asemade, permite que os xestores dos recursos sanitarios teñan un coñecemento máis axeitado das necesidades sanitarias da poboación.

Na actualidade en Galiza contamos con áreas sanitarias nas sete cidades (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago e Vigo) e ademais en Burela, Monforte, O Barco e O Salnés.

Estas catro últimas, son as que pretende suprimir o goberno do Partido Popular.

Queren que a xestión dos hospitais comarcais pase a depender da capitalidade da provincia correspondente coa escusa de reducir gastos e aproveitar recursos.

Na nosa opinión, isto traerá consigo que pouco a pouco se perda calidade asistencial nos hospitais comarcais (redución de persoal, de consultas de especialistas, do número de camas, da actividade cirúrxica, ...) de maneira que, en troques de achegarse os servizos sanitarios á xente, sexan os e as cidadás as que teñamos que desprazarnos para poder ter unha asistencia adecuada.

Modelo Feijoo

O modelo que se está a introducir na Galiza é o que ten aplicado Esperanza Aguirre en Madrid, establecendo unha única área sanitaria para todo o territorio a pesar das protestas tanto dos cidadáns e cidadás como dos traballadores e traballadoras da saúde.

Esta polémica medida provocou que, a pesares de contar con grandes hospitais, a calidade asistencial nesta comunidade autónoma e o nivel de satisfacción das persoas usuarias dos servizos sanitarios sexan dos máis baixos dentro do Estado.

Este tipo de modelo xa fora introducido no Reino Unido polo goberno conservador de Margaret Teatcher, deteriorando seriamente a sanidade pública naquel país.

Co mesmo argumento de aforrar cartos, construíron hospitais e centros de saúde en solares públicos con capital privado.

Unha vez construídos, a Administración pública fai uso deles a cambio dun alugueiro e cédelle toda ou parte da xestión dos servizos sanitarios.

Deste xeito, as empresas inversoras teñen garantidas grandes beneficios a conta dos cartos públicos. Este método non aforra, ao contrario, supón un gasto máis grande, só que fragmentado a modo de renda que ademais se saca dos orzamentos de funcionamento do propio hospital ou centro de saúde polo que irá en detrimento da calidade dos servizos prestados.

Algo parecido puxo en práctica Romay Beccaría cando fora ministro de sanidade, creando as Fundacións Sanitarias (como a de Verín).

Co tempo foron un fracaso e o SERGAS terminou facéndose cargo das instalacións e dos traballadores e traballadoras.

Os únicos beneficiários foron os que negociaron con elas.

Non podemos permitir que se faga negocio coa sanidade pública nin que se perda a xestión dos recursos e se reduzcan os servizos nos hospitais comarcais.

Os labregos e as labregas temos que mobilizarnos xunto co resto da sociedade para impedir a perda deste servizo público fundamental.

nº 279
Xuño do 2010

Diante do Consello Informal das ministras e ministros de agricultura da UE

Unha política agraria baseada na soberanía alimentar: outra Europa



A Coordenadora Europea Vía Campesina defendemos unha Política Agrícola e Alimentaria Común (PAC) para o 2013 no marco da soberanía alimentaria, en ruptura co marco actual da PAC, entendida como a Organización Mundial do Comercio do último século, e incapaz de respostar aos retos europeos e mundiais do noso tempo. A UE debe en primeiro lugar alimentarse, no canto de ser a primeira exportadora e importadora alimentar. Debe manter unha forte poboación agrícola ben distribuída nas rexións, con explotacións labregas estábeis e multifuncionais. Non poderá facelo sen que as labregas e labregos atopemos unha renda vendendo os nosos produtos, e non dependendo de subvencións que nos atrapan. Para acadar estes obxectivos a UE ten que acabar cos métodos de produción agrícola industrializados que prevalecen hoxe. Trátase de substituír unha agricultura intensiva en insumos e en recursos fósiles, que serán cada vez máis escasos, por unha agricultura intensiva en traballo, no contexto actual da Europa do desemprego. O valor engadido debe distribuírse equitativamente na cadea alimentaria, diminuíndo as marxes actuais da industria agroalimentaria e a gran distribución, en favor das persoas labregas e consumidoras.

A Unión Europea (UE) non parece disposta a cambiar a política neoliberal que globalizou a nosa agricultura e a nosa alimentación, e está a ofrecer ás multinacionais agroexportadoras o control da alimentación, sacrificando a agricultura familiar sustentable e a garantía dunha alimentación sa e segura.

Se a UE non actúa, a agricultura europea correrá un serio perigo, o que suporía unha catástrofe social e medio ambiental.

Sen labregos/as, quen vai alimentar a poboación? Multinacionais que miran únicamente para os números que lles saen nos seus balances de contas?

Como agricultoras/es europeas/os que somos, precisamos implicar ao meirande número posíbel de persoas aliadas dentro da sociedade para defender unha nova política agraria e alimentaria.

O 2010 debe ser o ano dun amplo debate público dentro da UE para que sexan redefinidas as prioridades da política agrícola e alimentaria que se vai aplicar a partir do 2013, antes de que se decidan os orzamentos da UE para ese período.

As actuais políticas agroalimentarias e os tratados de comercio afástannos cada vez máis dun modelo social de agricultura, aquel que garante a sustentabilidade e a economía rural.

A cidadanía demandamos unha PAC que priorice o comercio local, as prazas de abastos, a venda directa...

Loitamos pola soberanía alimentaria, que outorga aos pobos e á UE o dereito a definir a súa política agrícola e alimentaria a partir das necesidades da poboación, e non a partir das regras do comercio internacional inscritas na ideoloxía do capitalismo neoliberal.



A agricultura e a alimentación son cuestións que afectan ao conxunto da sociedade, cómpre a construción de alianzas entre produtores/as e consumidores/as, que hoxe somos os elos mais débiles da cadea agroalimentaria.

As nosas demandas para a PAC 2013



A Secretaria de Organización, Lídia Senra, trasladou as demandas concretas que o sector produtor da UE temos de cara á elaboración da vindeira PAC 2013, en representación da Coordenadora Europea Vía Campesina.

Para vivirmos do noso traballo, o Sindicato Labrego, canda as demais organizacións integrantes da Coordenadora Europea Vía Campesina, demandamos:

1. Control da producción, que adecúe a producción á demanda na U.E., non liberalizar para ter cheas de productos que nos compren as distribuidoras e por tanto as industrias, a prezos de miseria "competitivos" con outras latitudes do mundo.

2.Regulación dos mercados agrícolas, transparencia ao longo de toda a cadea alimentaria, e limitación das marxes de beneficios da transformación e da distribución, con prezos agrícolas mínimos para o elo da producción.

3. Dereito a protexerse das importacións a prezos baixos, incluídos os pensos animais, así como **acabar co *dumping* para a exportación.**

4. As axudas mediante pagos directos, con máximos por activo agrícola, serán establecidas, por unha banda, ás **pequenas explotacións e,** por outra, ás **explotacións sustentables das rexións desfavorecidas agro-climaticamente,** que teñen gastos de producción máis elevados.

Cumio dos pobos alternativo ao de gobernos da UE, Latinoamérica e Caribe

Enlazando Alternativas IV

O cumio dos pobos "Enlazando alternativas IV", celebrouse en Madrid entre os días 14 e 18 de maio.

Os actos desenvoltos, baixo o lema **"Contra a europa do capital, a guerra e as súas crises; pola solidariedade entre os pobos"** supuxeron un despregue de actividades alternativas e paralelas ao Cumio Oficial de Xefes/as de estado da Unión Europea e América Latina e Caribe.

Con motivo da Presidencia española da UE, máis de cen organizacións do Estado español uniron as súas forzas, en coordinación con outras do espacio europeo e de Latinoamérica (o SLG participou dentro da delegación europea da Vía Campesina) para manifestar un profundo rexeitamento ás políticas neoliberais, e en especial aos acordos de libre comercio entre a UE e América Latina.

Entre as moitas actividades, celebrouse un foro con máis dun cento de debates e propostas. Houbo tamén un novo Tribunal Permanente dos Pobos para enxuiciar o funcionamento do sistema de poder das transnacionais europeas, tanto aquí como nos pobos latinoamericanos (Repsol-YPF, Union Fenosa, BBVA, Syngenta, Nestlé, Pescanova, Bayer, Novartis, ENDESA, Iberdrola ou Telefónica, por citar as máis coñecidas).

Tamén nas rúas de Madrid houbo diversas manifestacións enmarcadas nesta campaña de loita: na multitudinaria do día 16 confluiron ademais persoas e organizacións do mundo obreiro que viñan na **Marcha contra a Europa do Capital** desde Lisboa.

No día 17 levouse a cabo unha acción de denuncia diante da sede da Monsanto en Madrid.

Mentras unha parte importante da sociedade denunciábamos as situacións ás que nos levan cos seus acordos os gobernos que alí estaban reunidos, éstes asinaban un novo tratado: un acordo de libre comercio que nos afecta directamente aos pequenos e medianos labregos e labregas dos dous continentes. Un acordo que en Galiza sabemos moi ben o que vai dar de si:



Durante o cumio oficial, unha delegación da Vía Campesina, canda activistas do grupo "Rompamos el Silencio" colocaron unha faixa reivindicativa e cruces diante das oficinas da multinacional MONSANTO en Madrid.

Son 4.500 toneladas de leite e 2.000 toneladas de queixo que a Unión Europea vai enviar a prezos baixos ao mercado de Centro América, cos problemas que eso conlevará para as explotacións de leite deses países.

Mais tamén en Europa, lonxe de solucionarnos ningún problema, asistimos nos últimos anos a unha política agraria que, en troques de adaptar a producción de leite ao consumo interno da UE, a Comisión e o Consello Agrícola Europeo deciden aumentar as cuotas leiteiras co obxetivo de aumentar as exportacións de productos lácteos, causando unha baixada nos prezos do leite en Europa e a quebra de medianos e pequenos produtores e produtoras aos dous lados do Atlántico.

Os únicos beneficiarios de dito acordo son as industrias e transnacionais de distribución, que van seguir impoñendo prezos de ruína, ademais de percibiren as axudas á exportación do diñeiro público que todas e todos nós pagamos.

A delegación de Vía Campesina en Madrid reafirmou a defensa da agricultura labrega familiar e común, tanto en Europa como en América Latina, e que estes acordos de libre comercio destrúen o camiño cara a soberanía alimentaría dos pobos.

Haití marcha contra Monsanto

O pasado 4 de xuño, milleiros de labregas e labregos haitianos amosaron mediante unha marcha multitudinaria o seu rexeitamento á doazón de 475 toneladas de millo híbrido que a multinacional Monsanto ofreceu ao goberno de Haití no mes de maio.

Unhas 12.000 persoas percorreron unha distancia de dez quilómetros desde a rexión de Papay até o centro da capital departamental Enche. Durante a marcha foron distribuídas sementes de millo criollo dos campesiños e campesiñas de Papay para demostrar súa firme posición en defensa das sementes nativas.

Ao final do acto as labregas e labregos queimaron simbolicamente unha pequena porción do millo transxénico da Monsanto, que xa comezou a ser distribuído polo Ministerio de Agricultura.

"Temos que loitar polas nosas sementes locais", afirmou Chavannes -coordenador do MPP (Mouvman Peyizan Papay) e membro da Via Campesina haitiana- mentres o millo transxénico ardía no chan. "Debemos defender a nosa soberanía alimentar".

Os e as manifestantes non esconderon súa indignación co presidente Rene Preval. As súas actitudes tras o terremoto -tales coma a aprobación dunha lei que prorroga o seu mandato por 18 meses máis e que crea unha Comisión Provisional para a Reconstrucción do Haiti, dirixida por Bill Clinton- provocan a miúdo protestas da sociedade civil, silenciadas, alomenos en Europa.



A mobilización foi convocada por máis dunha decena de organizacións.

Vía Campesina Centro América denunciou que ademais de estar sufrindo a violenta ocupación militar levada a cabo hai seis anos polas tropas da MINUSTAH –vergoñosamente liderada pelo exército brasileiro - e tendo que lidar cos desafios da reconstrucción do país, "o pobo do Haiti non pode sofrer o novo terremoto social que a entrada de sementes transxénicas no país representaría. Non deixaremos que a catástrofe do 12 de xaneiro -con máis de 300 mil víctimas e que deixou en situación de abandono a millóns de familias- sexa tomada como desculpa para abrir as portas do Haiti aos interesses e lucros de multinacionais delincuentes como a Monsanto".

O 20 de maio o SLG asistíu en Madrid a unha reunión para tratar a vacinación de língoa azul

Unha plataforma para apoiarnos e defender a liberdade de elección

Todo o mundo coñecemos as fortes incidencias da vacinación de língoa azul, tanto no gando vacún coma no ovino e cabrún. Esta percepción é común en todo o Estado, o que provocou que unha serie de persoas, gandeiros/as e veterinarios/as, preocupadas polo tema e, porqué non dicilo, cansos e cansas de constatar as incidencias e que se nos responda sempre coa máxima de que a vacina non ten nada que ver; convocaron unha reunión en Madrid para falar do tema, e para ver a posibilidade de botar a andar unha plataforma que defenda á xente que non quere vacinar.

A esta reunión asistiron a Secretaria de Organización do SLG -Lídia Senra-, o Secretario de Sectores Gandeiros -Adolfo Cabarcos- e o Coordenador de Sectores Gandeiros -Xavier Gómez-. Resumimos aquí un pouco o que se falou.

Primeiramente, plantexáronse unha serie de cuestións relacionadas coas incidencias, tamén para ver se a situación era a mesma en tódolos sitios. Constatouse que despois da vacinación case todas as explotacións tiñan incidencias, en maior ou menor grao, consistentes en **abortos, mortes, coxeiras, infertilidade, mamite, caída de produción,** ...

Constatouse tamén que estas incidencias, na maioría dos casos, non se daban nos días seguintes, senón que seguían aparecendo dous e tres meses despois de aplicar a vacina.

Ben, isto non é nada novo para nós, xa que moitas veces temos falado desta realidade dende estas páxinas.



O 10 de xuño, Isabel Vilalba e Adolfo Cabarcos -gandeiros afectados da zona da Mariña e da Terra Chá respectivamente, e membros da Executiva Nacional do SLG-, acompañados da Secretaria Xeral do SLG, Carme Freire, denunciaron en rolda de prensa en Santiago a existencia reiterada de efectos secundarios negativos logo da aplicación da vacina da lingua azul, que veñen sendo detectados dende o inicio mesmo da campañas de vacinación, no ano 2008. A Secretaria Xeral denunciou a presión sobre as e os afectados así coma o silenciamento dos casos, e advertíu "*Nos estamos dispostas a seguir cargando cos experimentos das farmacéuticas e das veterinarias nas nosas explotacións, a costa, ademais, de incrementarlles os beneficios*".

Plataforma de afectadas/os a nivel estatal

Analizada a situación a nivel estatal, prantexouse a necesidade de poñer a andar unha plataforma que, apelando ao resepeito dos dereitos dos animais e co fin de recuperar a dignidade e o poder de decisión dos propios gandeiros e gandeiras, defenda a **liberdade de vacinación,** tendo en conta que a enfermidade da que falamos non afecta aos seres humanos, e que ademais é unha enfermidade curable no gando.

Como segundo obxectivo desta plataforma marcouse o de **iniciar o camiño para que a sanidade en animais volva a ser pública.**

Polo tanto, a plataforma constituiuse con dous obxectivos fundamentais: crear unha ferramenta colectiva para defender a libre vacinación para a língoa azul, e apoiar a aqueles gandeiros ou gandeiras que non queiran vacinar e aqueles aos que non se lles recoñeceran os danos.

En canto a cousas máis concretas, quedouse en buscar **asesoramento xurídico** para contrastar se as presións que están a receber as persoas que se negan a vacinar axústanse á normativa establecida.

Por outra banda, tentarase procurar mecanismos que nos permitan facer uso dos nosos dereitos; propúxose tamén mirar a posibilidade de organizar algunhas xornadas para debater sobre o tema e ir fixando a estratexia, contando tamén con veterinarios/as da *Plataforma pola Liberdade de Vacinación*, que xa existe en Francia, onde a situación é parecida.

Paralelamente, concretamos facer unha folla de recollida de datos que nos permita sistematizar e recoller todas as incidencias das que teñamos noticia, así coma crear unha páxina web que comezará a funcionar de xeito inmediato.

Acordouse tamén pedirlle aos veterinarios/as que cada vez que haxa unha incidencia coas vacinas, sexa comunicada á Axencia do Medicamento.

Lembrade tamén que todas aquelas persoas que teñades incidencias nas vosas explotacións, debedes comunicalas nos locais do SLG para poder denuncialas e para que quede constancia das mesmas.

Proximamente haberá en Madrid unha nova reunión, coa xente que asistiu á anterior, máis as adhesións que se fagan, tanto por parte de organizacións coma de persoas a título individual.

Soio cabe agardar que a plataforma se bote a andar e que sexa capaz de evitar que a vacina de língoa azul sexa un medio máis para matar gando e forzar o peche de explotacións, como parece que fixo até o de agora.

Lembrade: todas aquelas persoas que teñades incidencias nas vosas explotacións, debedes comunicalas nos locais do SLG para poder DENUNCIALAS e PARA QUE QUEDE CONSTANCIA DAS MESMAS.

Diríxete aos locais do SLG SE DETECTACHES ALGUNHA INCIDENCIA LOGO DA CAMPAÑA DE VACINACIÓN DA LINGUA AZUL. Polo de agora téñense detectado os seguintes síntomas: MORTE DOS ANIMAIS, O NACEMENTO EN CONDICIÓN DE DEBILIDADE DOS ANIMAIS PARIDOS POR FEMIAS VACINADAS, TAMÉN DIFICULTADES PARA PARIR E MORTE LOGO DE FACELO, COXEIRAS, MAMITES RARAS, CAÍDAS DA PRODUCIÓN, INFERTILIDADE NOS SEMENTAIS, etc.

Apreciar os nosos viños tintos

Precisamos de metodoloxías propias para a cata

Case todas as metodoloxías de cata que se usan no noso País baséanse no sistema de puntuación e cualificación en base a parámetros dos métodos de elaboración e crianza (garda). Esta metodoloxía é importada e moi interesada, polo que non resolve as peculiaridades dos nosos viños, nin repara nas diferenzas dos territorios, e moito menos ten en conta as potencialidades das variedades autóctonas, dos nosos microclimas, da viticultura propia e dos solos galegos.

O propio vocabulario que se usa nas catas, as escasas veces que se fai en galego, é na súa maioría foráneo, así falan de barricas cando queren dicir cubetos, falan de lías en vez de borras, de coupage para dicir mezcla, etc.

O concepto de diferenciación por tempo de garda en barrica pode ser válido para outros territorios, pero para os nosos viños non é acaido; tampouco o de considerar os viños chamados de "alta expresión" por como se comportan na crianza de Carballo.

Esta cultura importada e interesada, trae consigo que na Galiza só se considere o viño branco e que os tintos sexan os grandes descoñecidos para os propios consumidores e consumidoras galegas, desprezando o propio e considerando como superior a mediocridade dos riojas de baixa gama maderizados en exceso.

Dende o Sindicato Labrego Galego estamos a traballar para dotarnos dun método propio para os nosos cursos, temos moito camiño por andar en canto á posta en valor do propio. Os viticultores/as e colleiteiros/as precisamos de ligar o viño á terra, ás variedades, ás persoas e á nosa cultura milenaria, xa que é o único xeito de seguir vivindo do noso traballo.

Trátase de que os consumidores e as consumidoras de viño podan descubrir, coa axuda dos labregos e labregas, a grande riqueza de matices e sensacións que encerran os viños de colleiteiro das cinco denominacións de orixe e das tres indicacións xeográficas protexidas que temos na Galiza.

Os colleiteiros e colleiteiras sempre practicamos a viticultura de precisión nas nosas pequenas parcelas, polo que podemos presumir de que cada un dos nosos viños é un produto diferenciado e singular.

Como consumidores e consumidoras temos que ter en conta que a cultura fainos máis libres, tamén cando falamos de cultura vitivinícola, polo que é importante contar con ferramentas para descubrir e gozar dos nosos viños. E así, cada persoa contará con máis elementos para poder escoller libremente que viño é o que máis lle gusta para cada momento, ou para cada comida.

A Dirección do Viño do SLG é consciente da importancia deste traballo de afondar na autoestima para coas nosas producións, xa que este compromiso vainos permitir nun futuro próximo ser capaces de producir a maior parte dos tintos que se consuman na Galiza, e para elo necesitaranse máis persoas para traballar as viñas e o viño nas nosas ribeiras.

Curso formativo de horta ecolóxica

Vinte alumnos e alumnas participaron no curso de horta ecolóxica que o SLG realizou en Ribadavia entre os meses de abril e maio. Combináronse as clases teóricas con saídas a campo, onde se fixo a plantación dunha horta, para por en práctica os conceptos abordados nas aulas: o manexo do solo, abonos, rotacións e asociacións de cultivos, etc.

Traballamos tamén no recoñecemento de plantas da comarca, para logo recollelas e elaborarmos preparados naturais a partires delas, aproveitando as súas propiedades e co obxectivo de manter un ecosistema equilibrado e diverso dentro da horta.

O último día visitamos tres explotacións de horta. Todas constituíron unha moi boa experiencia para as persoas asistentes ao curso, e os exemplos e ideas compartidas comézanse xa a pór en práctica.



Na imaxe, aplicando na horta os coñecementos adquiridos.



A primeira foi unha explotación de horta nun invernadoiro, propiedade do afiliado Hermindo, do concello de Mondariz, que simultanea o cultivo de plantas aromáticas, con flores e hortalizas, e onde o equilibrio e a biodiversidade conseguida fai posíbel o seu cultivo sen mobilización do chan, sen adubos externos ou tratamentos.



A segunda visita levounos a Fornelos de Montes, a explotación de Edgar Martínez, exemplo de esforzo e gran interese pola recopilación de variades tradicionais.



Finalmente, a terceira visita levounos á explotación de Antía, en Salvaterra de Miño, bo exemplo de combinación de gando, -ten porco celta e galiñas en liberdade- xunto con horta en invernadoiro e ao ar libre.

Pais e nais denuncian os graves efectos da vacina do Virus do Papiloma Humano

O vídeo *"La soledad de los progenitores"* achegounos estes días á Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego a terrible testemuña de pais e nais de nenas afectadas pola vacina contra o Virus do Papiloma Humano (VPH), destacando o caso de dúas nenas de Valencia, do que xa temos falado nestas páxinas.

A parte de non recibir ningunha información previa sobre os riscos, o proxenitor relátanos como o persoal médico poñía moito do seu esforzo, non en sacar adiante á súa filla que estaba en coidados intensivos, senón en que non se transmitise nos medios de comunicación ningunha información do que lle estaba acontecendo.

Queremos unha vez máis recoller nestas páxinas algúns dos datos que o médico Xabier Uriarte, da *Liga pola liberdade de vacinación*, presentou nas dúas ocasións que estivo coas afiliadas do Sindicato para informarnos das moitas dúbidas que existen sobre esta vacina, así como dos procesos que favorecen a aparición do cancro de útero.

Lembrábanos Xabier Uriarte que na flora xenital hai de xeito habitual unha gran diversidade de microorganismos como bacterias, virus, fungos ou parasitos.

Grazas a esta biodiversidade, o medio de base pasa a ácido, co que se forma unha reacción química protectora para o organismo xenital.

Ao longo da vida, esta microdiversidade tamén pasa por algunhas épocas de desequilibrio que son autocuradas de xeito silencioso e sen síntomas nun 80% dos casos.

Uriarte salienta que para que exista inflamación cervical é preciso que haxa un "terreo" especialmente predisposto a que se produza o proceso infeccioso.

Para que esta primeira situación se dea, teñen que coincidir fenómenos como unha dieta na que abonden os azucres refinados, fermentados, graxas saturadas, restos de insecticidas, dioxinas, ou o exceso de proteínas...; ou tamén a utilización de certos fármacos do tipo dos minerais, probióticos, antiinflamatorios, corticoides, antibióticos, antiparasitarios ou antimicóticos...

Tamén o estrés, a fatiga, o abandono ou o consumo de drogas poden afectar directamente na capacidade celular, así como a utilización de tampóns sintéticos -os que atopamos á venda de xeito máis habitual- con tóxicos medioambientais (cloro, dioxinas, pesticidas, aditivos), anticonceptivos orais e/ou parentais, os esteroides sintéticos que se empregan na menopausia, a implantación de anticonceptivos cirúrxicos como o DIU ou certas prácticas xenitais.

A presencia das diferentes cepas de papilomavirus por si soa non é a causante do cancro, senón as transformacións do terreo e as modificacións ulteriores celulares que si son capaces de desencadear procesos de malignización.



Juan Domínguez, mestre de Secundaria en Valencia, é o pai dunha das dúas nenas que sufriron graves efectos adversos tras vacinarse contra o virus do papiloma humano (VPH). Na imaxe, nunha conferencia en Barcelona acudindo como representante da Asociación de Afectadas pola Vacina do Papiloma, explica a súa experiencia. Ao seu carón, Xabier Uriarte, da Liga pola Liberdade de Vacinación.

O ADN do virus entra a formar parte do ADN cromosómico, experimentando a célula, se as condicións do terreo o permiten, cambios en ocasións cara o produción dun cancro.

Esta capacidade prooncoxénica observouse con máis intensidade nas cepas 16 e 18 do virus, mentras que a 6 e a 11 relaciónanse coas verrugas e os condilomas xenitais.

O cancro de útero é o segundo máis frecuente nas mulleres a nivel mundial e o sétimo máis frecuente nas europeas.

No Estado español, a incidencia é de 6 a 10 casos por cada 100.000 mulleres.

Composición das Vacinas Papilomavirus

Inclúen pseudopartículas canceríxenas das cepas 16 e 18, e un dos tipos tamén das cepas 6 e 11 que medraron en substrato celular. Teñen 20 microgramos da cepa 16 e 20 microgramos de cepa 18.

Tamén 500 microgramos de hidróxido de aluminio, e 50 microgramos de 3 deacilatomo-nofosfórico lípido A (MPL).

Estimulan a resposta inmunitaria humoral observándose niveis altos en suero de anticorpos anti cepas 16 e 18 durante 7 meses. A partir do 8º mes os niveis caen de xeito intenso e veñen ser como na persoa non vacinada. Tamén se observou a case desaparición total a nivel xenital das cepas do virus 16 e 18.

■ Datos extraídos do *Informe sobre o Virus Papiloma Humano e a Eficacia da Vacina Papilomavirus*, elaborado por Xabier Uriarte.
■ Podes solicitar o vídeo "*La soledad de los progenitores*" no teu local comarcal.

EFECTOS ADVERSOS DA VACINA do PAPILOMAVIRUS

En primeiro lugar, a entrada dunha información xenética nova no organismo pode cambiar o comportamento das bacterias, parasitos e fungos que viven nos órganos xenitais, **incrementándose as infeccións bacterianas, virais, parasitarias e micóticas a todos os niveis.**

En segundo lugar, as sucesivas doses desta información xenética nova poden actuar **aumentando a aparición de procesos canceríxenos non só a nivel xenital, senón xeral,** na muller.

Debido ao seu cultivo en células embrionarias é posible que se desencadeen nalgunhas persoas **alerxias** (urticarias, bronquiais, dixestivas e/ou neurolóxicas).

A presencia de hidróxido de aluminio ten ademais o perigo de que pode ocasionar grandes repercusións sobre as estruturas musculares e neurolóxicas (como aconteceu nas nenas de Valencia).

Por outra parte, todos os estudos de experimentación destas vacinas foron levados a cabo exclusivamente con diñeiro e recursos da Industria Farmacolóxica, interesada en vendela.

Ademais de no teu local, obterás máis información no libro *"La salud que viene. Nuevas enfermedades y el marketing del miedo"* (Ed.Península, 2009) que contén un capítulo enteiro sobor do caso da campaña de promoción desta vacina.

5 de xuño, Día Mundial do Medio Ambiente

Contra o cambio climático, outro modelo de produción agraria é imprescindíbel

A **deslocalización das producións** (que logo son transportadas milleiros de kilómetros máis lonxe, onde se atopan os e as consumidoras), axudada polo propio sistema de expansión dos centros comerciais (sempre nas aforas das vilas e cidades, que implican o emprego dun medio de transporte para adquirir os alimentos), están a supoñer o **18% do total dos gases de efecto invernadoiro emitidos no Estado español.**

A nivel mundial, na actualidade un **32% das emisións de efecto invernadoiro está provocado polo modelo agroindustrial e a deforestación**.

A crise climática que sufrimos na actualidade esixe dun cambio radical das políticas agrícolas, comerciais e enerxéticas: cómpre a asunción dun **modelo produtivo labrego baseado na agroecoloxía**, que non só produza **alimentos nutritivos exentos de compoñentes químicos perxudiciais** para a saúde, senón que tamén implique a **produción e distribución nun circuíto curto**, de proximidade (pequenas tendas, mercados, prazas de abastos, ...).

Sen embargo, as actuais políticas agrarias europeas e mundiais, consensuadas entre os gobernos e as grandes multinacionais, están a fornecer e ampliar o control das grandes agrocorporacións sobre o sector agrario.

Así, ao tempo que desprazan a produción labrega de alimentos, aumentan os seus beneficios económicos e afondan no seu modelo da destrución do medioambiente, a través dunha agricultura entendida como a suma de monocultivos, biotecnoloxía, biopirateria (transxénicos), agrotóxicos e capital financeiro.

A industrialización e a destrucción do agro, parella á expulsión dos labregos e labregas, deriva nunha agricultura e nun medio rural sen persoas, afectando dende o agro a toda a sociedade. As labregas e labregos precisamos terra sá para alimentar á cidadanía. As políticas agrarias deberían manter e aumentar a superficie agraria produtiva actual e facilitar o aceso a nova superficie para desintensificar o modelo actual de produción de alimentos -supoñendo un avance significativo na loita contra o cambio climático-, en troques de andar a promocionar a forestación de terras agrarias, ou a proliferación de muíños eólicos, piscifactorías e minas, que acaban co noso territorio.



O fracaso da agricultura industrial fica a día de hoxe patente na súa nula resposta para acabar coa fame no mundo, ao tempo que afonda na destrucción do medioambiente mediante a contaminación da atmósfera, das augas e dos chans. O custo enerxético do modelo agroindustrial é totalmente irracional: por cada kilocaloría de alimento producido consúmense unha media de dúas -para produción e transporte / distribución-.

Agroecoloxía, un modelo con sentidiño

Dende o SLG estamos traballando para trocar os métodos de produción (diminuíndo prioritariamente o consumo de abonos nitroxenados), cara producións máis autónomas e máis económicas en enerxía; apoiando modelos de produción sustentables baseados na agroecoloxía, e recuperando a produción de alimentos a partir de sistemas nos que a biodiversidade e a nutrición dos solos reempracen ás tecnoloxías contaminantes do petróleo.

As prácticas agroecolóxicas respectan os ciclos naturais dos cultivos, potencian a fertilidade dos chans, utilizan de forma óptima e responsábel os recursos naturais, non incorporan aos alimentos sustancias ou residuos que resulten perxudiciais para a saúde, achegan aos animais unhas condicións de vida dignas e fan das labregas e labregos produtores duns alimentos que manteñen todas as súas calidades nutritivas, ao tempo que volta a vida aos espazos rurais abandonados.

As produtoras e produtores de alimentos do Sindicato Labrego Galego demandamos o apoio explícito dos gobernos e das institucións a un modelo de produción e distribución de alimentos baseado na agricultura labrega, historicamente lexitimada pola súa capacidade para xerar emprego, o respecto pola diversidade cultural e biolóxica e a contribución, a través da produción labrega, á loita contra o quecemento global.

Esiximos, xa que logo, que os gobernos fagan efectivo o dereito dos pobos á Soberanía Alimentaria, é dicir: o dereito a decidir sobre as políticas agrarias e alimentares do noso pobo.

A soberanía alimentar significa avanzar cara unha mellora do medio ambiente, xa que implica **primar o emprego dos recursos locais** para a produción de alimentos -minimizando as materias primas importadas para a produción así como o seu transporte-, a reorientación da produción cara o **mercado local e de proximidade** -adoptando tamén estratexias para manter ás persoas no agro no lugar de expulsalas- e **expande o coñecemento** e o **saber local**, desenvolvendo **modelos responsables** ao servizo da eficiencia, do emprego e do medio natural.

DOCUMENTACIÓN A APORTAR PARA A DECLARACIÓN DA RENDA DO 2009 (remata o prazo o 30 de xuño)

Datos Persoais:

- Fotocopia do DI das persoas que vivan na casa e que poidan ser incluidas na declaración (o propio matrimonio, os seus fillos, pais e avós).
- Declaración da renda do ano pasado.
- Número de conta bancaria

Datos Económicos:

- **Folla cos datos fiscais enviada por facenda.**
- Certificado pensións, baixas, incapacidades... das persoas da declaración.
- Certificados de retencións do traballo de todas as persoas da declaración.
- Fotocopia do recibo da contribución de todas as vivendas, prazas de garaxe e solares.
- Certificados do banco (intereses, fondos inversión, accións,...)
- Certificado do banco da venda (además do valor de compra e data de compra e valor de venta e data de venta) de accións, fondos de inversión, letras, bonos, etc...
- Certificados de retencións do leite, carne e madeira do ano 2009.
- Subvencións cobradas no ano 2.009
- Folla de saneamento do 2009 e facturas dos investimentos realizados.
- Ingresos por variacions patrimoniais: venta de casas, fincas: traer data e valor de compra xunto ca data e valor de venta acreditado por escrituras...
- Subvencións recibidas por rehabilitación de vivenda, amaño de camiños, traida de augas, ...
- Importe pagado por préstamos hipotecarios e gastos realizados na rehabilitación e construcción da vivenda habitual, no ano 2009.
- Aportacións realizadas, no ano 2009, a contas vivenda e data de apertura.
- Aportacións realizadas a plans de pensións no ano 2009.

As persoas de **Directa** (IVE CADA 3 MESES): Tódolos recibos de subvencións, indemnizacións e préstamos pola compra de elementos para a explotación, seguros da explotación: de animais (neste caso necesitaríamos a póliza), maquinaria, naves, ... folla de saneamento 2009.

MOI IMPORTANTE:

TODAS AS PERSOAS TEÑEN QUE TRAER A FOTOCOPIA DA CONTRIBUCIÓN URBANA DA VIVENDA ONDE RESIDEN, SEN ELA, *NON SE PODE FACER A DECLARACIÓN DA RENDA*.

AXUDAS PARA FACILITAR O ACCESO Á PROPIEDADE A TITULARES DE ARRENDAMENTOS HISTÓRICOS E PARZARÍAS

Estas axudas teñen por finalidade facilitar o acceso á propiedade ás persoas titulares dos arrendamentos históricos e parzarías. As axudas poderán consistir nunha subvención directa de capital ou nunha subvención de tramitación.

O importe da subvención directa calcularase aplicando a porcentaxe do 35% ao valor atribuído á superficie total do predio ou predios adquiridos.

Poderán subvencionarse en concepto de gastos de tramitación ata un máximo de 480€ para gastos de asesoría e ata un máximo de 180€ para gastos xudiciais. **O prazo para presentar as solicitudes de axuda remato o 7 de xullo de 2010**

Curso no Reino Unido para productores/as de leite

Dende o Sindicato Labrego Galego, estamos organizando unha viaxe de intercambio ao Reino Unido para produtores e produtoras de leite. O obxectivo da mesma é ver experiencias de transformación e comercialización de leite cru dende a propia explotación. A data de saída será o **3 de setembro e a de volta o 6 de setembro** e o custo por participante de **450 euros**. Hai **18 prazas** dispoñíbeis.

Se estas interesado/a en participar, ponte en contacto co teu **local comarcal.** Esta actividade inclúese dentro da acción iformativa *"Perspectivas do sector lácteo ante a desaparición do sistema de cotas en 2015: alternativas productivas para mellorar a rendibilidade das explotacións dentro do marco da PAC*".

Está co-financiada pola Dirección Xeral para a agricultura e o Desenvolvemento Rural da Comisión Europea.



AXUDAS PERIÓDICAS DE APOIO A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Serán requisitos necesarios para poder ser beneficiaria: ser muller, maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia, residir na Galiza e, no caso de mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia e carecer de dispoñibilidade de recursos económicos.

Non poderán ser beneficiarias destas axudas as mulleres que percibisen esta axuda con anterioridade.

O prazo de presentación de solicitudes comezou o día 1 de abril e rematará o 31 de outubro de 2010.

PROGRAMA DE INCENTIVOS PARA PROMOVER A AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL DAS PERSOAS COTITULARES OU TITULARES DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS

Poderán ser beneficiarias desta axuda as persoas incluídas no réxime especial de traballadoras/es por conta propia ou autónomos, a través do sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, entre o 1 de outubro de 2009 e o 16 de xullo de 2010.

A contía total desta axuda será de 3.000 € por persoa beneficiaria, agás aquelas persoas beneficiarias nas anteriores convocatorias (anos 2006, 2007 2008 e 2009), nas que esta cantidade sería minorada nas contías mensuais ás que tiveron dereito.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 16 de xullo de 2010.

Programa Renove do Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012

O prazo estará aberto até o 30 de setembro. Obterás máis información no teu local comarcal.

MULLERES LABREGAS COTIZANTES Á SS AGRARIA QUE TIVÉCHEDES UNHA FILLA OU UN FILLO A PARTIR DO 1 DE XANEIRO DO 2008

Tedes dereito a solicitar a devolución dunha parte das cuotas pagadas á SS. durante os doce meses seguintes á baixa maternal. **Infórmate e tramítaa no teu local do SLG, independentemente do tempo que xa pasara dende que tiveches ou fillo ou filla.**

Subida do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE)

A partir do **1 de Xullo de 2010** os tipos impositivos do IVE cambian, quedando da seguinte maneira, (excepto cambios de última hora):

Tipo **xeral** do 16% pasa a ser do 18%.

Tipo **reducido** do 7% pasa a ser do 8%.

Tipo **superreducido** do 4% mantense sen cambios.

Tamén se incrementan as porcentaxes do I.V.E. de compensación aplicables o réxime especial de agricultura, gandeiría e pesca:

Para **explotacións gandeiras e pesqueiras** pasa do 7.5% ó **8.5%.**

Para **explotacións agrícolas ou forestais** pasa do 9% o **10%.**

MEDIDAS DE REFINANCIAMENTO PARA AS EXPLOTACIÓNS

O Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino publicou no BOE do 11 de marzo de 2010 unha orde na que se establecen medidas para facilitar o acceso á financiación das explotacións agrícolas e gandeiras.

Esta é unha das medidas coxunturais que se lle reclamaron ao Ministerio, ainda que só é unha delas.

Dous tipos :

1.Concesión de novos préstamos: A través de acceso aos créditos ICO (**ata o 20 de decembro**) ou ben subvencionando os avais para a concesión de novos préstamos (**ata o 12 de xullo de 2010**).

2.Refinanciamento dos créditos xa concedidos: carencia especial de ata dous anos dos préstamos concedidos ás explotacións de carne (no ano 2008). Prazo**: ata o 12 de xullo de 2010**.

Desde o SLG consideramos que poden ser de interese para as explotacións que precisen liquidez, pero recomendamos pasar polo voso local do SLG para ter máis información e ler con detenimento as condicións, sobre todo no que se refire a carencia dos préstamos xa concedidos, posto que na orde do Ministerio non está claro como quedan estes préstamos despois do periodo de carencia que concedan.

Axudas dos plans de mellora de explotacións agrarias e incorporación de mozas e mozos á actividade agraria

Dirixidas a mozas e mozos menores de 40 anos que se vaian incorporar ou se incorporasen dentro dos seis meses anteriores á actividade agraria, así como titulares de explotacións (persoas físicas ou xurídicas) que vaian realizar investimentos en maquinaria, obras e outras melloras para a explotación.

Para a aprobación das solicitudes que inclúan obras para as que sexa necesario obter licenza, esta terá que aportarse antes do 1 de Decembro de 2010.

O prazo de solicitude destas axudas estará aberto ate o 27 de xullo de 2010; para os casos de primeiras instalacións de mozos/as motivadas por cesamento anticipado na actividade agraria, ou por falecemento, xubilación ou invalidez do actual titular da explotación, o prazo permanecerá aberto ata o 30 de novembro.

Axudas para o fomento da utilización de maquinaria e equipamentos agrarios en réxime asociativo na Galiza

Para **CUMAs, SATs** (que teñan por obxecto social prioritario o uso de maquinaria agropecuaria ou forestal en común), e **Cooperativas** que teñan sección específica de maquinaria agrícola ou adquiran maquinaria para prestar servizos aos seus socios/as; tamén poden beneficiarse as cooperativas de explotación comunitaria da terra e as SAT procedentes da fusión de polo menos dúas explotacións, nos cinco anos posteriores á súa constitución. **O prazo para a solicitude destas axudas remata o 1 de Xullo de 2010.**

Compra - Venda - Troco

VENDAS

-Tractor marca FORD 7610 DT.
-Tractor marca FIAT 9090 DT.
-Rotoempacadora DEUTZ FARH modelo NT 130.
-Rotativa TZ de 2,30 de corte.
TLF: 696 718 076 (José Antonio)

-Vaca próxima ao parto
-Fresadora de 1,30
-Arado de gancho
TLF: 981 798 681

Frisonas próximas ao parto.
TLF: 982 157 768 ou 697 422 304

-Frisonas próximas ao parto, con carta.
-Tanque de 1.100 l.
-Circuito de muxido de 4 puntos
TLF: 659 213 085

Autocargador MERLINI 22 metros.
TLF: 981 500 608

Autocargador picador KRONE 3500 turbo (sen documentación)2500 €.
TLF: 982 177 854 (Manuel)

Vacas FRISONA con carta e mais novillas por xubilación.
TLF: 686 878 699
(Zona Betanzos)

Vacas de carne (RUBIA GALEGA) mais un touro. Por xubilación.
TLF: 981 790 331
(Guillermo) Cesuras

Remolque "esparcidor" matriculado.
TLF: 606 648 619 (Luis). Betanzos.

Fresadora modelo HONDA FG-400. Moi poucas horas de traballo. Prezo a convir. Redondela.
TLF: 617 921 921 ou 986 405 013.

Cabritos (3-4 meses) en Tomiño.
TLF: 686 164 955 (Andrés).

Potra.
TLF: 981 694 839
(Chamar ao mediodía, José)

Tractor Barreiro 7070.
Moi bo estado e bo prezo
TLF: 982 160 116 e 690 774 565

Viño e augardente do País.
TLF.: 986 68 94 86.

Cabalo enteiro de 4 anos.
TLF: 630 561 310

-AUDI 80 1.8E
-Remolque de tractor preparado para bolas de herba
-Llantas de coche de aluminio marca MOMO de 5 buratos e de llanta 15
-Viño da zona de Portomarín
TLF: 686 596 260

20 vacas e 7 becerras (boa xenética). Zona de Forcarei.
TLF: 679 248 411 e 986 684 270

Autocargador MERLINI de 18 metros cúbicos, case sen usar.
TLF: 982 176 201

Renault MEGANE 1.4 16V. bo estado, poucos kms.
TLF. 676 666 157

-Touro limousin novo
-Tanque de leite de 500 litros.
TLF: 685 884 257 e 982 207 733

Pacas de herba seca.
TLF:982 526 886

Vaca (5 anos) con cría de meses.
TLF: 982 526 886

Finca en Monfero (A Coruña) de 600 ferrados, con casa pequena de pedra para restaurar.
TLF: 981 210 770 e 981 788 380

-Tractor JOHN DEERE serie 2120
-Tractor LAMBORGHINi-503-DTS- 54 cabalos, doble tracción 2400 horas.
-Tractor EBRO - 160- d dirección hidraulica.
-Fresadora-arado remolque-máquina ensiladora de un rego (marca claas)
segadora bertollini 124-D
TLF: 657 955 300

Vacas de carne por cese de explotación
TLF: 626 315 059

Autocargador.
TLF: 982 502 165

Tanque de frío 550 en bo estado.
TLF: 677 740 230
Encintadora da herba LANDINI. Ten 4 colleitas. Prezo: 3.000€. Zona Arzúa. **TLF. 667 469 962**

Empacadora con 2 campañas de uso. Seminova. Marca ABBRIATA 61. Zona Arzúa.
TLF. 677 625 245

Grade de Discos Suspendida. Zona Arzúa.
TLF: 677 62 52 45

Moto 125 c.c. de carretera 3 anos, 4600 Km.
TLF: 982 175 773 e 661 035 76

-Sembradora de millo marca BECKER, 6 lineas, con carga autómatica de abono
-Grade rotativa con sembradora de herba, marca BREVIGLIERE, 3 me-tros
-Grade de discos, marca NOLI, 4,5m de trabajo.
TLF:660 442 783 e **619 038 548**

Cadeliños de pastor belga. Nai filla de Zar, campión estatal.
TLF: 660442783

Novillas.
TLF: 981 195 687

Segadora Bertolini.
TLF: 606 593 253

-Muíño de martelos en perfecto estado.300€.
-Renault Megane 1900 Turbo Diésel.2900 €.
TLF: 646 307 320 e 981 774 561.Zona Betanzos

Autocargador marca GALAGRI de 22 metros cúbicos seminovo con freo hidráulico, descarga hidráulica e rodas anchas. Zona Monfero
TLF: 981 196 875 ou 696 699 883.

-Subsolador marca Yimpa.
TLF.: 696 004 515

Tractor EBRO 6125 DT
TLF:625 180 903 e 982 177 903

Rabaño de 86 ovellas con dereito a puntos.
TLF: 988 445 415 (Benito)

De 200 a 300 ouvellas.
TLF: 689 187 599 (José Luis)

Circuito na zona de Ordes.
TLF: 628 797 419

-Citroën Xsara HDI
-Moto Suzuki DR50
TLF: 628 535 941 (Carlos)

Lugares no centro da Galiza, terra de Melide, de 45 e 21 hectáreas.
TLF: 616 627 318.

Segadora BCS. Zona de Oroso. (Ordes, A Coruña).
TLF: 690 376 048. (Antonio)

-Motor-reductor para limpeza de granxas ou cortes.
-Dúas cabras monas, de dous anos de idade.
TLF: 988 457 400 (noites).

Vacas rubias marcadas.
TLF: 689 752 400

Vendo mel totalmente ecolóxico, sen ningún aditivo.
Zona da Mariña.
TLF: 608 920 360 (Josefa)

Novillas de leite, por cese de explotación.
TLF: 982 177 855 (A partir das 22:00hrs)

-Cinta transportadora de 10 m.
-Sementadora de patacas automática GRIMME
-Colleitadora de patacas GRIMME 800
TLF: 639 81 7 6 34 (Antonio)

Por abandono, véndese:
-Circuito alfa laval 3 puntos.
-Tanque do frio 550L.
-Tractor Ebro 470.
-Fresa 2m e ganchos 5 sachas.
TLF: 619 087 727 e 660 485 856 (Boimorto)

Pranta de mazá de sidra inxertadas en castes autóctonas.
TLF: 655 698 299

Sala de muxir seminova
Moto Onda 125 cc XR seminova
Touro do país de ano e medio
TLF: 648 187 857

Plantas de loureiro real. Ideal para setos de peche de parcelas. Prezo según tamaño.
TLF: 685 529 988 (Félix)

COMPRAS

Mastín leonés.
TLF: 655 057 370

Tanque de frío para dous muxidos (entre 400 e 700 litros).
TLF: 653 315 659

Cámara de frío, para produtos hortícolas. Aproximadamente 4X4m. máximo,monofásica.
TLF: 620 140 986

Atomizador suspendido de segunda man.
TLF: 645 851 081 (Encarnación)

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Ofrécese traballador para explotación.
TLF: 634 219 936 (Toni).

Ofrécese muller para coidado de nenos/as e maiores e para todo tipo de coidado da terra: xardiñería, horta.... Tamén realizapor encargo retratos caracterizados, ideais pra agasallar (tamaño A3, prezo 10€).
TLF: 637 042 293 (Mónica)

Ofrécese traballador para explotación.
TLF: 649 652 923 (Ahmed)

Unha rapaza e tres rapaces ofértanse para traballar en explotación.
TLF: 680 686 217 (Amina)

Ofértanse dous traballadores para calquera tipo de traballo en explotación agraria.
TLF:689 289 158 (Manuel)

Realízanse traballos agrícolas e forestais.
TLF: 606 648 619 (Luis de Vilamourel). Zona Betanzos.

Fanse traballos forestais: plantacións, podas, desbroce manual e mecánico, talas de árbores e peches de fincas. Faise tamén calquera traballo agrícola.
TLF: 686 753 105.

OUTROS

Alúgase explotación de leite en Lañas, A Baña.
TLF:. 670 694 644

Home de 83 anos procura persoa/s que miren por el e lle axuden a traballar as terras das que dispón na explotación (25Has), ubicada no concello de Castroverde (Lugo).
TLF: 982 312 386
(Chamar polas noites pra concertar posible entrevista)

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada ou no correio electrónico *prensa@sindicatolabrego.com*. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.


PLAN
CONECTA
MUJER
Integra a
informática no
medio rural de
maneira sinxela
nos teus traballos
agrarios e privados
Muller,
innovamos
no teu campo
aberto
o prazo
de inscricion
mulleres@sindicatolabrego.com
e no teu local
do SLG
CERES
CONFEDERACIÓN DE MUJERES
DEL MUNDO RURAL
Financia:
GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MARINO
UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
Invierte en tu futuro